

EXPTE. Nº 6/2015- ENTIDADE LOCAL – PLAN MARCO: OBRA DE “Reposición de pavimento en varios viais municipais”.

ASUNTO: ADXUDICACIÓN

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

Completada a tramitación do procedemento negociado para a contratación da obra de **DE PLAN MARCO: “Reposición de pavimento en varios viais municipais”**, coa presentación da documentación requirida ao licitador presentado e admitido que obtivo a maior puntuación, de acordo á cláusula 11ª do Prego de cláusulas administrativas particulares, que rexe esta contratación, e vista a fiscalización da Intervención Municipal de data 20 de abril de 2015, esta presidencia **RESOLVE**:

1º) Adxudicar, o contrato da obra de Plan Marco: **“REPOSICIÓN DE PAVIMENTO EN VARIOS VIAIS MUNICIPAIS”**, á empresa **“CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A (COVSA)”**, conforme ao Prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto técnico polo que se rixe esta contratación e a oferta presentada polo adxudicatario, que executará as obras polo **prezo de OITENTA E DOUS MIL SETECENTOS (82.700,00) EUROS (IVE ENGADIDO)**, e con **unha redución do prazo de execución de un (1) mes** dende a sinatura do contrato respectivo, debendo procederse a súa formalización en documento administrativo dentro dos **CINCO (5) DÍAS HÁBILES** seguintes ao da notificación da adxudicación ao adxudicatario, conforme o sinalado na **cláusula 13ª** do prego de cláusulas administrativas particulares.

2º) Aos efectos previstos no art. 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/11, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, faise constar o seguinte:

A esta licitación foron invitadas tres empresas que presentaron cada unha as súas plicas, sendo admitidas todas.

- **Plica núm. UN:** Presentada por Don Jesús Fontán Piñeiro, en representación da empresa “Construccions, Obras e Viais, SA (COVSA)” de Pontevedra, e de conformidade co informe técnico de data 2 de marzo de 2.015, obrante no expediente. Oferta o seguinte respecto dos aspectos obxecto de negociación:

Plica Nº 1. CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, SA (COVSA)

1) INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DA PRESTACIÓN CONTRACTUAL SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE Ó QUE EJECUTARSE A OBRA:

O licitador non presenta unha memoria conforme ó disposto na cláusula 9ª do P.C.A.P., polo que de acordo ó establecido en dita cláusula, determinase que a puntuación por este criterio sexa de **CERO (0) PUNTOS**.

2) PREZO:

Ofertado: 82.700,00 € (IVE incluído)

Baixa: 0,96%

Puntuación: 3,66 puntos.

3) REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA:

Prazo ofertado: DOUS (2) MESES.

Redución do prazo: UN (1) MES.

Puntuación: 30 puntos.

Puntuación total da plica nº 1: 33,66 puntos.

- **Plica núm. DOUS:** Presentada por Don Manuel Taboada Gómez en representación da empresa "Construcciones Taboada y Ramos, SL" de Lalín, e de conformidade co informe técnico de data 2 de marzo de 2015, obrante no expediente. Oferta o seguinte respecto dos aspectos obxecto de negociación.

PLICA Nº 2 CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L

1) INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DA PRESTACIÓN CONTRACTUAL SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE Ó QUE SE EXECUTARÁ A OBRA:

O licitador non presenta unha memoria conforme ó disposto na cláusula 9ª do P.C.A.P., polo que de acordo ó establecido en dita cláusula, se determinará que a puntuación por este criterio sexa de **CERO (0) PUNTOS**.

2) PREZO

Ofertado: 83.000,00 € (IVE Incluído).

Baixa: 0,60%

Puntuación: 2,29 puntos.

3) REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA:

O licitador non oferta redución do prazo de execución da obra.

Puntuación: 0 puntos.

Puntuación total da plica nº 2: 2,29 puntos.

- **Plica núm. TRES:** Presentada por Don Antonio Pérez Pérez, José Enrique Torres Castro, en representación da empresa "Excavaciones y Construcciones Manuel Portela SL" de O Rosal e de conformidade co informe técnico de data 2 de marzo de 2015, obrante no expediente. Oferta o seguinte respecto dos aspectos obxecto de negociación.

PLICA Nº 3 EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L

1) INCREMENTO DA CALIDADE DO OBXECTO DA PRESTACIÓN CONTRACTUAL SOBRE O PREVISTO NO PROXECTO EN BASE Ó QUE SE EXECUTARÁ A OBRA:

O licitador non presenta unha memoria conforme ó disposto na cláusula 9ª do P.C.A.P., polo que de acotdo ó establecido en dita cláusula, se determina que a puntuación por este criterio sexa de **CERO (0) PUNTOS**.

2) PREZO:

O licitador non oferta redución do prezo de licitación.

Puntuación: 0 puntos.

3) REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA:

Prazo ofertado: UN MES E MEDIO.

Redución do prazo: QUINCE (15) DÍAS.

Puntuación: 15 puntos.

Puntuación total da plica nº 3: 15,00 puntos.

3º) Notificar esta resolución a todos os licitadores presentados a este procedemento de contratación.

Dada en Sanxenxo a vinte e un de abril de dous mil quince.

A presidenta



Catalina González Bea

ante min, secretario xeral



Ángel Luis López Pita